



JFN/stc

PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDE DE CALENDARIO ESCOLAR 2022/23

Artigo 10. *Sesións de avaliación*

1. As sesións de avaliación final ordinaria do alumnado do segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.

2. A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso do bacharelato, e a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, ~~así como a sesión de avaliación previa á avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria~~ deberán realizarse a partir do día 5 de xuño de 2023.

3. As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica, e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final.

4. Para as sesións de avaliación final do alumnado das ensinanzas de réxime especial, a dirección do centro deberá propor antes do día 30 de abril de 2023, conforme os anexos II, III e IV desta orde, as datas correspondentes á xefatura territorial que corresponda, para a súa autorización.

Artigo 12. *Horario do profesorado*

1. As direccións dos centros quedan autorizadas para introduciren as modificacións oportunas nos horarios do profesorado do segundo curso de bacharelato e de formación profesional que se vexa afectado pola realización do módulo de formación en centros de traballo nas horas en que deixe de impartir as materias ou módulos da súa competencia a partir da sesión de avaliación que corresponda, así como nos horarios do profesorado do primeiro curso de bacharelato ~~e de educación secundaria obrigatoria~~ a partir do día 5 de xuño de 2023, asignando tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias, ámbitos ou módulos con partes sen superar e, de ser o caso, de preparación da ABAU e das probas extraordinarias, de xeito que o profesorado desenvolverá en todo



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22

momento e ata a finalización das actividades lectivas o horario que lle corresponde conforme a normativa vixente.

